

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

18259 *CORRECCIÓN de erros da Orde PRE/2277/2003, do 4 de agosto, pola que se modifica o anexo I do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se impoñen limitacións á comercialización e ó uso de certas substancias e preparados perigosos (arsénico e colorante azul). («BOE» 236, do 2-10-2003.)*

Advertidos erros na publicación da Orde PRE/2277/2003, do 4 de agosto, pola que se modifica o anexo I do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se impoñen limitacións á comercialización e ó uso de certas substancias e preparados perigosos. Arsénico e colorante azul (BOE, suplemento en lingua galega n.º 11, do día 1 de setembro), procédese á súa corrección:

Na páxina 1988, na «Lista de aminas aromáticas», no n.º 6 5-nitro-o-toluidina, figuran os números seguin-

tes Número CAS —«Número de índice 99-55-8, e número CE 202-765-8, e deberían figura-los seguintes números: Número CAS 99-55-8, Número de índice—, e número CE 202-765-8.

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

18260 *CORRECCIÓN de erros da Orde SCO/249/2003, do 5 de febreiro, pola que se modifican os anexos do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos. («BOE» 236, do 2-10-2003.)*

Observados erros no texto da citada Orde SCO/249/2003, do 5 de febreiro, pola que se modifican os anexos do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos, publicada no suplemento en lingua galega do BOE do 1 de marzo de 2003, n.º 5, procédese a efectua-las oportunas rectificacións do seguinte teor literal:

Na segunda parte do anexo III, na columna b) dos seguintes números de orde	Onde di	Debe dicir
Na páxina 706, no n.º 17. 2,4-Diamino-5-methylphenetol e os seus sales	(número CAS 141614-04-2)	(número CAS 113715-25-6)
Na páxina 706, no n.º 19. 3-Amino-2,4dichlorophenol e os seus sales	(número CAS 61693-42-3)	(número CAS 61693-43-4)
Na páxina 707, no n.º 31. HC Red No. 13 e os seus sales	(número CAS 29705-39-3)	(número CAS 94158-13-1)
Na páxina 707, no n.º 36. 2,4-Diaminophenoxyethanol e os seus sales	(número CAS 70643-19-5)	(número CAS 6642-95-5)
Na páxina 708, no n.º 45. Acid Black 52 e os seus sales	(número CAS 16279-54-2)	(número CAS 3618-58-4)
Na páxina 709, no n.º 53. HC Blue No. 10 e os seus sales	(número CAS 173994-75-7)	(número CAS 102767-27-1)

MINISTERIO DE ECONOMÍA

18339 *ORDE ECO/2714/2003, do 25 de setembro, pola que se desenvolve o Real decreto 1432/2002, do 27 de decembro, no referente á cesión e/ou titulación do custo correspondente ó desaxuste de ingresos das actividades reguladas anterior a 2003 e do custo correspondente ás revisións derivadas dos custos extrapeninsulares. («BOE» 237, do 3-10-2003.)*

O artigo 94 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social

empraza o Goberno a establecer unha metodoloxía para a aprobación ou modificación da tarifa eléctrica media ou de referencia durante o período 2003-2010, na que se deberán incluír como custo para o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2003 e o 31 de decembro de 2010, a contía correspondente á anualidade que resulte para recuperar linealmente o valor actual neto do déficit de ingresos na liquidación das actividades reguladas, xerado entre o 1 de xaneiro de 2000 e o 31 de decembro de 2002, e a contía correspondente á anualidade que resulte para recuperar linealmente as cantidades que deriven das revisións que se establecen na disposición adicional segunda do Real decreto 3490/2000, do 29 de decembro, polo que se establece

a tarifa eléctrica para o ano 2001 e na disposición adicional segunda do Real decreto 1483/2001, do 27 de decembro, polo que se establece a tarifa eléctrica para o ano 2002.

Para os efectos da súa liquidación e cobramento, estes custos consideraranse como ingresos das actividades reguladas.

O Real decreto 1432/2002, do 27 de decembro, polo que se establece a metodoloxía para a aprobación ou modificación da tarifa eléctrica media ou de referencia xorde como desenvolvemento do previsto no artigo 94 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, incluíndo como novos custos para retribuí-las actividades destinadas á subministración de enerxía eléctrica que hai que ter en conta no cálculo da tarifa media ou de referencia, o custo correspondente ó desaxuste de ingresos das actividades reguladas anterior a 2003 e o custo correspondente ás revisións derivadas dos custos de xeración extrapeninsular correspondentes ós exercicios 2001 e 2002.

Esta orde ministerial enmárcase no contexto da anterior normativa, co fin de dotar das normas necesarias para a plena efectividade do previsto na Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social e o Real decreto 1432/2002, do 27 de decembro, polo que se establece a metodoloxía para a aprobación ou modificación da tarifa eléctrica media ou de referencia, dando cumprimento así ó interese xeral que debe presidi-la regulación do mercado da enerxía.

O Real decreto 1432/2002, do 27 de decembro, contén os mecanismos necesarios de cara a asegurar que os ingresos anuais provenientes da tarifa eléctrica sexan suficientes para garanti-la retribución das actividades reguladas, incluído o desaxuste de ingresos das actividades reguladas anterior a 2003, así como o dereito de compensación por revisións de custos extrapeninsulares correspondentes ós exercicios 2001 e 2002.

Visto todo o anterior, en atención ó sinalado na disposición derradeira primeira do Real decreto 1432/2002, do 27 de decembro, e visto igualmente o informe da Comisión Nacional de Enerxía.

Na súa virtude dispoño:

CAPÍTULO I

Do dereito de compensación por desaxuste de ingresos das actividades reguladas nos exercicios 2000, 2001 e 2002 e do dereito de compensación por revisións de custos extrapeninsulares correspondentes ós exercicios 2001 e 2002

Primeiro. Obxecto.—Esta orde ten por obxecto establece-las características dos dereitos de compensación por desaxuste de ingresos das actividades reguladas nos exercicios 2000, 2001 e 2002, e por revisións de custos extrapeninsulares correspondentes ós exercicios 2001 e 2002, definidos no Real decreto 1432/2002, do 27 de decembro, polo que se establece a metodoloxía para a aprobación ou modificación da tarifa eléctrica media ou de referencia, establecendo tanto as normas que regulan a cesión, se é o caso mediante titulización, do dereito ó seu cobramento, como o ingreso e aboamento dos ditos dereitos.

Segundo. Contido do dereito de compensación por desaxuste de ingresos das actividades reguladas nos exercicios 2000, 2001 e 2002, así como do dereito de compensación por revisións de custos extrapeninsulares correspondentes ós exercicios 2001 e 2002.

1. O contido do dereito de compensación por desaxuste de ingresos das actividades reguladas nos exercicios 2000, 2001 e 2002 está integrado polos seguintes elementos:

Valor base o 31 de decembro de 2002.

Recoñecemento de tipos de xuro de actualización do valor base.

Garantía de inclusión do dereito de compensación como custo da tarifa para a súa recuperación o 31 de decembro de 2010.

Calquera outro elemento que resulte do disposto na Lei 54/1997, do 27 de novembro; na Lei 53/2002, do 30 de decembro; no Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro; no Real decreto 1432/2002, do 27 de decembro, e nas normas complementarias, incluíndo esta orde ministerial.

2. O contido do dereito de compensación por revisións de custos extrapeninsulares correspondentes ós exercicios 2001 e 2002 está integrado polos seguintes elementos:

Valor base o 31 de decembro de 2002.

Recoñecemento de tipos de xuro de actualización do valor base.

Garantía de inclusión do dereito de compensación como custo da tarifa para a súa recuperación o 31 de decembro de 2010.

Calquera outro elemento que resulte do disposto na Lei 54/1997, do 27 de novembro; na Lei 53/2002, do 30 de decembro; no Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro; no Real decreto 1432/2002, do 27 de decembro, e nas normas complementarias, incluíndo esta orde ministerial.

Terceiro. Valor base do dereito de compensación por desaxuste de ingresos das actividades reguladas nos exercicios 2000, 2001 e 2002, así como do dereito de compensación por revisións de custos extrapeninsulares correspondentes ós exercicios 2001 e 2002.

1. O valor base o 31 de decembro de 2002 do dereito de compensación por desaxuste de ingresos das actividades reguladas nos exercicios 2000, 2001 e 2002 alcanza a cifra de 1.522.332,04 miles de euros.

2. O valor base o 31 de decembro de 2002 do dereito de compensación por revisións de custos extrapeninsulares correspondentes ós exercicios 2001 e 2002 será un valor base calculado en miles de euros, de acordo co desenvolvemento do artigo 12 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

3. Os ditos valores base devengarán xuros de actualización desde o 31 de decembro de 2002, de acordo co establecido nos puntos seguintes.

Cuarto. Xuros de actualización recoñecidos asociados ó dereito de compensación por desaxuste de ingresos das actividades reguladas nos exercicios 2000, 2001 e 2002, así como ó dereito de compensación de revisións de custos extrapeninsulares correspondentes ós exercicios 2001 e 2002.

1. Os importes pendentes de pagamento polos conceptos ós que se refire o punto terceiro devengarán xuros de actualización desde o 31 de decembro de 2002 ata a súa íntegra satisfacción.

2. O importe dos xuros será anual, aplicando o tipo de xuro de referencia ó valor base sinalado no punto terceiro anterior ou, para os exercicios 2004 e seguintes, ó importe pendente de compensación o 31 de decembro de cada ano, tal e como este é definido no capítulo V desta orde.

O tipo de xuro de referencia que se vai utilizar será o EURIBOR a 3 meses, e obterase como resultado da media diaria dos valores cotizados desta referencia para cada ano.

3. No caso de que non resulte posible a aplicación do tipo de xuro ó que se refire o punto anterior, o director xeral do Tesouro e Política Financeira do Ministerio de

Economía resolverá, logo de audiencia dos titulares do dereito de compensación de que se trate que resulten afectados, a aplicación na súa substitución dun tipo de referencia de similares características e xeneralizada aceptación no mercado.

4. Para o cálculo do tipo de xuro que se vai utilizar para períodos inferiores ó ano, empregárase a seguinte fórmula:

$$TX = \left[1 + \frac{x}{N} * n \right]$$

Sendo:

TX = Tipo de xuro que se vai utilizar en períodos inferiores ó ano.

N = Número de días do ano (365 ou 366).

x = Media do EURIBOR a tres meses, ou tipo ó que se realice a cesión, desde o 1 de xaneiro do ano en que se produce a cesión ata o día en que se produce a dita cesión.

n = Número de días en que o titular detente o título.

CAPÍTULO II

Dos titulares e das cesións do dereito de compensación por desaxuste de ingresos das actividades reguladas nos exercicios 2000, 2001 e 2002, así como do dereito de compensación por revisións de custos extrapeninsulares correspondentes ós exercicios 2001 e 2002

Quinto. *Titulares iniciais.*—Os titulares iniciais dos dereitos ós que se refire este punto son os seguintes:

1. Titulares iniciais o 31 de decembro de 2002 do dereito de compensación por desaxuste de ingresos das actividades reguladas nos exercicios 2000, 2001 e 2002, porcentaxes de titularidade e importes:

	Porcentaxe	Importe — miles €
Iberdrola, S. A.	34,00	517.592,89
Unión Fenosa Generación, S. A.	11,70	178.112,85
Hidroeléctrica del Cantábrico, S. A.	4,28	65.155,81
Viesgo Generación, S. L.	4,59	69.875,04
Endesa, S. A.	43,22	657.951,91
Elcogas, S. A.	2,21	33.643,54
Total	100,00	1.522.332,04

2. Titulares iniciais o 31 de decembro de 2002 do dereito de compensación por revisións de custos extrapeninsulares correspondentes ós exercicios 2001 e 2002, porcentaxes de titularidade:

	Porcentaxe
Gas y Electricidad Generación, S. A.	8,96
Unión Eléctrica de Canarias Generación, S.A.	78,79
Endesa Generación, S. A.	12,25
Total	100,00

3. Para tódolos efectos entenderase que os titulares iniciais dos dereitos previstos nos puntos 1 e 2 anteriores o foron desde a data de entrada en vigor da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Sexto. *Titulares sucesivos.*

1. Son titulares sucesivos dos dereitos ós que se refire o punto anterior os cesionarios primeiros ou posteriores de todo ou parte deles, de acordo co disposto no punto noveno desta orde.

2. Para que produzan efectos fronte á Comisión Nacional de Enerxía, tanto o cedente como o cesionario notificarán á dita comisión da cesión efectuada e proporcionaranlle os datos pertinentes para efectos do Rexistro de Titulares que a Comisión Nacional de Enerxía deberá manter conforme o punto sétimo desta orde. A dita notificación entenderase recibida, para os efectos desta orde ministerial, na data en que fose rexistrada no Rexistro de Entrada da Comisión Nacional de Enerxía.

3. A data de adquisición do dereito será a de presentación no rexistro da Comisión Nacional de Enerxía, pero non se considerará efectiva ata que a información achegada polo cedente e polo cesionario sexa completa e correcta.

Sétimo. *Rexistro de titulares.*—Para os efectos de calcula-lo importe pendente de pagamento por cada un dos dereitos previstos nesta orde así como de proceder ó pagamento das cantidades correspondentes conforme o establecido no capítulo IV desta orde, a Comisión Nacional de Enerxía levará unha relación actualizada dos ditos titulares por porcentaxe ou, se é o caso, porcentaxes que teñan, na que constarán:

- Nome do titular, cos seus datos identificativos.
- Porcentaxe do dereito que lle corresponda.
- Importe pendente de pagamento por titular rexistrado.
- Data de efectividade da adquisición do dereito.
- Datos da conta bancaria do titular do dereito en que a Comisión Nacional de Enerxía deberá efectuar os pagamentos que procedan.
- Xuro de actualización recoñecido correspondente á porcentaxe do dereito de que se trate e, en xeral, as condicións da cesión, se existiran, conforme o disposto nesta orde ministerial.
- Cantidades percibidas e os xuros devengados polo ou polos cedentes anteriores dentro do mesmo exercicio.

Oitavo. *Dereitos de información dos titulares.*—Os titulares do dereito de que se trate poderán demandar da Comisión Nacional de Enerxía canta información sexa necesaria para contrasta-la corrección dos cálculos en virtude dos cales se determinasen as cantidades que percibisen, así como para preve-las cantidades que percibirán no futuro.

Noveno. *Cesións do dereito de compensación por desaxuste de ingresos das actividades reguladas nos exercicios 2000, 2001 e 2002, así como do dereito de compensación por revisións de custos extrapeninsulares correspondentes ós exercicios 2001 e 2002.*

1. Os titulares iniciais dos dereitos ós que se refire este punto poderán ceder sen limitación a terceiros, total ou parcialmente, aqueles, incluíndo fondos de titulización de activos ou entidades de función similar.

2. A partir da data de efectividade da cesión, de acordo co sinalado no número 2 do punto sexto, as cantidades que lle correspondesen como titular do dereito aboaránselle ó cesionario como novo titular del.

3. As cesións que realicen os titulares iniciais poderán supor unha nova determinación do tipo de xuro reco-

ñecido á porcentaxe obxecto da cesión, que se poderá compoñer dun ou de varios tipos de referencia e dun ou de varios diferenciais para aplicar sobre eles.

4. Tipo de xuro aplicable á porcentaxe do dereito obxecto da cesión realizada polos titulares iniciais.

As condicións da cesión deberán determina-lo tipo de xuro aplicable á porcentaxe obxecto da cesión para efectos do cálculo dos xuros recoñecidos a el. O dito tipo de xuro de actualización (incluíndo a marxe correspondente) será, a partir do momento da notificación das condicións da cesión, o menor de calquera dos seguintes:

a) O sinalado no punto cuarto desta orde.

b) Aquel que reflecta o custo real de financiamento da adquisición do dereito por parte do seu novo titular, incluíndo se é o caso os mecanismos de cobertura correspondente.

5. Transmisións posteriores do dereito de compensación.

5.1 Os titulares sucesivos dos dereitos de compensación previstos neste punto poderanlles ceder a terceiros total ou parcialmente as súas respectivas porcentaxes.

5.2 Para efectos do disposto no punto sétimo, o cedente e o cesionario deberánlle comunicar á Comisión Nacional de Enerxía o feito da cesión, a porcentaxe que é obxecto de cesión e a data da efectividade desta.

5.3 En relación ás sucesivas transmisións, será de aplicación o sinalado nos puntos sexto, sétimo e oitavo desta orde.

CAPÍTULO III

Das contas destinadas ó aboamento do dereito de compensación por desaxuste de ingresos das actividades reguladas nos exercicios 2000, 2001 e 2002, así como do dereito de compensación por revisións de custos extrapeninsulares correspondentes ós exercicios 2001 e 2002

Décimo. *Conta destinada ó aboamento do dereito de compensación por desaxuste de ingresos das actividades reguladas nos exercicios 2000, 2001 e 2002.*

1. Para efectos do aboamento das cantidades debidas en virtude do dereito de compensación por desaxuste de ingresos das actividades reguladas nos exercicios 2000, 2001 e 2002, a Comisión Nacional de Enerxía abrirá, en réxime de depósito, unha conta no Banco de España ou no Instituto de Crédito Oficial. Será titular da conta en interese e representación legal dos titulares do dereito, a Comisión Nacional de Enerxía, á que lle será de aplicación para este efecto o réxime establecido para a xestión de negocios alleos, sen que en consecuencia, os saldos que existan na dita conta se integren para ningún efecto no patrimonio da Comisión. En relación con tales saldos, a Comisión unicamente poderá ordenalos aboamentos ós que se refire o punto décimo terceiro desta orde.

2. Os gastos de apertura e mantemento da conta a que se refire o parágrafo anterior serán deducidos pola entidade depositaria dos saldos que en favor dos titulares do dereito existan na dita conta.

Décimo primeiro. *Conta destinada ó aboamento do dereito de compensación por revisións de custos extrapeninsulares correspondentes ós exercicios 2001 e 2002.*

1. Para efectos do aboamento das cantidades debidas en virtude do dereito de compensación por revisións de custos extrapeninsulares correspondentes ós exercicios 2001 e 2002, a Comisión Nacional de Enerxía

abrirá, en réxime de depósito, unha conta no Banco de España ou no Instituto de Crédito Oficial. Será titular da conta en interese e representación legal dos titulares do dereito, a Comisión Nacional de Enerxía, á que lle será de aplicación para este efecto o réxime establecido para a xestión de negocios alleos, sen que en consecuencia, os saldos que existan na dita conta se integren para ningún efecto no patrimonio da Comisión. En relación con tales saldos a Comisión unicamente poderá ordenalos aboamentos ós que se refire o punto décimo terceiro desta orde.

2. Os gastos de apertura e mantemento da conta a que se refire o parágrafo anterior serán deducidos pola entidade depositaria dos saldos que en favor dos titulares do dereito existan na dita conta.

CAPÍTULO IV

Da determinación do aboamento do dereito de compensación por desaxuste de ingresos das actividades reguladas nos exercicios 2000, 2001 e 2002, así como do dereito de compensación por revisións de custos extrapeninsulares correspondentes ós exercicios 2001 e 2002

Décimo segundo. *Determinación e aboamento dos importes que deberán ser ingresados polas empresas distribuidoras e/ou transportistas.*—En relación co aboamento dos dereitos de compensación por desaxuste de ingreso das actividades reguladas nos exercicios 2000, 2001 e 2002, e dos dereitos de compensación por revisións de custos extrapeninsulares correspondentes ós exercicios 2001 e 2002, seguirase o sistema de pagamentos e ingresos á conta establecido no punto I.11 do anexo I do Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro. Os aboamentos anteriormente indicados serán realizados nas contas indicadas nos puntos décimo e décimo primeiro desta orde.

Décimo terceiro. *Procedemento para seguir pola Comisión Nacional de Enerxía.*

1. Unha vez realizado o aboamento por parte das empresas distribuidoras e/ou transportistas de acordo co previsto no punto décimo segundo anterior, a Comisión Nacional de Enerxía ingresará, mediante transferencia con valor mesmo día, na conta de cada un dos titulares do dereito que conste no rexistro de titulares a que se refire o punto sétimo e na data prevista no punto décimo segundo anterior, as cantidades correspondentes ó dereito da súa titularidade. Na orde de transferencia indícarase o concepto polo que esta se realiza.

2. Sen prexuízo do anterior, a Comisión Nacional de Enerxía, de acordo cos prazos establecidos no anexo I do Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, establecerá e notificaralle a cada axente os pagamentos e ingresos que se van realizar en relación coa liquidación que corresponda. No suposto de que o día 26 de cada mes non se tivese comunicado a liquidación correspondente, a Comisión Nacional de Enerxía, á hora de lle notificar a cada axente os pagamentos e ingresos que se van realizar, terá en consideración o ingreso á conta xa realizado polas empresas distribuidoras e/ou transportistas de acordo co previsto no punto décimo segundo anterior.

Neste último suposto, as matrices de cobramentos e pagamentos entre axentes resultantes da liquidación incorporarán os ingresos á conta efectuados polas empresas distribuidoras e/ou transportistas, para efectos de liquidar exclusivamente entre estas as diferencias entre as porcentaxes provisionais "k_j" empregadas e as porcentaxes efectivamente resultantes para cada unha delas da liquidación practicada.

3. Ningún titular do dereito poderá percibir un importe superior ó que lle corresponda conforme o

importe base e os xuros recoñecidos correspondentes a el. En consecuencia, en ningunha data dun exercicio un titular poderá ter percibido durante el, en virtude do disposto por este artigo, unha compensación superior ó importe pendente de compensación que lle corresponda o 31 de decembro do ano anterior máis os xuros devengados por el desde o comezo do exercicio.

4. Cada titular terá dereito a percibi-la porcentaxe equivalente ó dereito da súa titularidade na conta á que se refiren os puntos décimo e décimo primeiro, unha vez deducidos os importes dos gastos aludidos nos números segundos dos ditos puntos.

Décimo cuarto. Satisfacción do dereito de compensación por desaxuste de ingresos das actividades reguladas nos exercicios 2000, 2001 e 2002 e do dereito de compensación por revisións de custos extrapeninsulares correspondentes ós exercicios 2001 e 2002 no prazo máximo de oito anos desde a entrada en vigor do Real decreto 1432/2002.

1. O dereito de compensación por desaxuste de ingresos das actividades reguladas nos exercicios 2000, 2001 e 2002 deberá estar plenamente devengado o 31 de decembro de 2010, todo iso de acordo co réxime de aboamento mensual previsto nesta orde ministerial. Non obstante o anterior, as cantidades pendentes de pagamento na dita data deberán ser aboadas non máis tarde do día 28 de abril do ano 2011 ou do día hábil inmediatamente posterior.

2. O dereito de compensación por revisións de custos extrapeninsulares correspondentes ós exercicios 2001 e 2002 deberá estar plenamente devengado o 31 de decembro de 2010, todo iso de acordo co réxime de aboamento mensual previsto nesta orde ministerial. Non obstante o anterior, as cantidades pendentes de pagamento na dita data deberán ser aboadas non máis tarde do día 28 de abril do ano 2011 ou do día hábil inmediatamente posterior.

CAPÍTULO V

Do procedemento de cálculo da anualidade e do importe pendente de compensación por desaxuste de ingresos das actividades reguladas nos exercicios 2000, 2001 e 2002 e por revisións de custos extrapeninsulares correspondentes ós exercicios 2001 e 2002

Décimo quinto. Cálculo e determinación provisional da anualidade e do importe pendente de compensación.

1. O real decreto polo que se establece a tarifa eléctrica de cada ano calculará de forma provisional, para os efectos da súa inclusión na tarifa correspondente, a anualidade necesaria para satisfacer os dereitos de compensación e, en consecuencia, o importe pendente de compensación correspondente a cada titular o 31 de decembro de cada ano.

2. Para os efectos do ano 2003, a anualidade fixouse polo Real decreto 1436/2002, do 27 de decembro, en 233.812 miles de euros, dos cales 213.846 miles de euros lle corresponden ó concepto dereitos de compensación por desaxuste de ingresos das actividades reguladas nos exercicios 2000, 2001 e 2002, e 19.966 miles de euros ó dereito de compensación por revisións de custos extrapeninsulares correspondentes ós exercicios 2001 e 2002.

3. A anualidade correspondente a cada ano, para os efectos da súa inclusión no cálculo da tarifa correspondente, determinarase como a cota total constante anual necesaria para a recuperación o 31 de decembro de 2010 do importe pendente de compensación o 31 de decembro do exercicio anterior. O tipo de xuro que se utilizará será o EURIBOR a tres meses da media das

cotizacións do mes de novembro anterior ó ano da tarifa que se vai determinar.

Décimo sexto. Procedemento para o cálculo definitivo do importe pendente de compensación correspondente ós dereitos e anualidade.

1. A Comisión Nacional de Enerxía comunicarlle á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía o importe definitivo pendente de compensación correspondente, que deberá ser publicado mediante resolución da citada dirección xeral antes do 30 de xuño de cada ano.

2. Para o cálculo do importe pendente de compensación aplicaranse as regras seguintes:

a) Tomarase como importe inicial o importe definitivo do dereito o 31 de decembro do ano anterior, pendente de compensación, publicado na resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía.

b) A dita cantidade incrementarase cos xuros recoñecidos, resultantes da aplicación do tipo de xuro correspondente conforme o disposto nos puntos cuarto, noveno e concordantes.

c) Da cantidade resultante da operación descrita na letra b) anterior, deducirase o importe constituído pola anualidade percibida durante o ano do que se trate, conforme o previsto no punto décimo terceiro.

3. A cantidade resultante de realiza-la operación descrita na letra c) do punto anterior constituirá o importe pendente de compensación o 31 de decembro do ano de que se trate.

Disposición adicional primeira. Cálculos previstos nesta orde ministerial.

Para efectos da realización dos cálculos que deriven da aplicación desta orde ministerial empregaranse valores en miles de euros con dous decimais e tipos con cinco decimais. As cantidades destinadas á compensación obxecto de aboamento ós titulares do dereito que como consecuencia da aplicación de tal regra resulten sobrantés, manteranse nas contas ás que se refiren os puntos décimo e décimo primeiro e aboaránselles ós titulares do dereito conforme o disposto no punto décimo terceiro.

Disposición adicional segunda. Corrección do valor base do dereito de compensación por desaxuste de ingresos das actividades reguladas nos exercicios 2000, 2001 e 2002.

A cifra do valor base o 31 de decembro de 2002 do dereito de compensación por desaxuste de ingresos das actividades reguladas nos exercicios 2000, 2001 e 2002, que figura no número 1 do punto terceiro desta orde, é definitiva. Non obstante, no caso de existiren modificacións en máis ou en menos, estas poderán ser obxecto de corrección a través da conta de retribución fixa no sistema de liquidacións.

Disposición derradeira primeira. Habilitación.

Autorízase a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía a dicta-las resolucións precisas para a aplicación desta orde.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 25 de setembro de 2003.

DE RATÓ E FIGAREDO

Ilma. Sra. Directora xeral de Política Enerxética e Minas.